

**JOAQUÍN RODRÍGUEZ-TOUBES MUÑIZ, SECRETARIO XERAL DA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,**

**CERTIFICA** antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC na súa sesión de 17 de novembro de 2004, acordou:

1. Modificar os artigos 29 e 30 do *Regulamento dos estudos de posgrao e formación continua da Universidade de Santiago*, aprobada por acordo da Xunta de Goberno o 22 de decembro de 1999, quedando a seguinte redacción:

Art. 29.- “Os títulos propios de posgrao expedidos pola USC serán asinados polo reitor, polo interesado e polo xefe da dependencia administrativa responsable da tramitación e expedición do título, en modelo normalizado no que poderá figurar impresa a sinatura do reitor, e causarán constancia rexistral nun Rexistro Universitario de Títulos Propios, con análogas condicións de identificación, custodia, certificación e carácter público que o rexistro universitario de títulos oficiais. No reverso do título figurará a relación de materias e de créditos superados.”

Art. 30.- “Os diplomas de aproveitamento e de participación nos cursos de formación continua expedidos pola USC serán asinados polo reitor ou persoa en quen delegue e polo xefe da dependencia administrativa responsable da tramitación e expedición do correspondente título, en modelo normalizado no que poderá figurar impresa a sinatura do reitor, e causarán constancia rexistral nun Rexistro creado para tal efecto. No reverso do diploma figurará a relación de materias e créditos cursados”.

2. Modificar o artigo 15 do *Regulamento do procedemento para a expedición de títulos propios da USC*, aprobada por acordo da Xunta de Goberno o 15 de novembro de 1993, quedando a seguinte redacción:

“Os títulos serán asinados polo reitor da Universidade de Santiago de Compostela, polo interesado e polo xefe da dependencia administrativa responsable da tramitación e expedición do título. A sinatura do reitor poderá figurar impresa no título”

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a vinte e tres de novembro de dous mil catro. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Reitor.

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

